



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Sinatura non requerida.
Asinado á marxe dixitalmente

DON JOSÉ ÁNGEL SANTOS SÁNCHEZ, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO. -

Visto que o Concello de Friol tiña previsto a contratación de sete traballadores a xornada do 75% (6 Horas) e por un período de seis meses para o servizo denominado "Mantemento de zonas naturais e espazos públicos", ao abeiro do Programa Fomento do Emprego de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos, anualidade 2019, da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

Visto que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 051 de 03 de Marzo do actual, así como no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia (friol.sedelectronica.gal), publicáronse as Bases da Convocatoria para a contratación de sete traballadores a xornada do 75% (6 Horas) e por un período de seis meses para o servizo denominado "**Mantemento de zonas naturais e espazos públicos**", aprobadas por Resolución de Alcaldía de 14 de Febreiro do actual.

Visto o artigo 5 das bases (Admisión dos/as Aspirantes), no que se establece os requisitos contemplados nas bases para ser admitido/a ao proceso selectivo, no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incorrer por falsidade na solicitude, procederase a aprobar mediante resolución a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, podendo os excluídos/as emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión nun prazo de tres días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Á vista do anteriormente exposto, por Resolución de Alcaldía de data 11 de Marzo do actual ordeouse:

(...) **PRIMEIRO:** Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo e ordenar a súa publicación no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia (friol.sedelectronica.gal):

ADMITIDOS:

| APELIDOS E NOME | N.I.F. |
|-------------------------------|--------------|
| ALAMBILLAGA MATEY JOSE PEDRO | XX.XX5.465-R |
| ÁLVAREZ VIGO FERNANDO | XX.XX9.430-A |
| ASCARIZ REY JOSE MANUEL | XX.XX1.316-S |
| ASTARIZ ARIAS MIGUEL | XX.XX0.784-C |
| BELLO PENNA SONIA | XX.XX7.424-S |
| CASTRO ESPINO JOSE MIGUEL | XX.XX6.411-G |
| DÍAZ SEGADE CESAR LEONEL | XX.XX4.673-E |
| FARIÑAS SILVA JOSEBA | XX.XX1.701-Y |
| FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ JESUS | XX.XX6.860-D |
| GARRIDO FONTAL MANUEL | XX.XX6.800-M |
| GAYOSO VIGO ISAAC | XX.XX7.850-G |
| GONZÁLEZ MARTÍNEZ PABLO JORGE | XX.XX2.503-V |
| LÓPEZ FERNÁNDEZ ANGEL MANUEL | XX.XX8.182-D |
| LÓPEZ GARCÍA IVAN | XX.XX3.858-D |
| MARTÍNEZ ROCA AVELINO | XX.XX8.662-Y |
| NUÑEZ VIÑA JOSE MANUEL | XX.XX8.213-V |
| PARDO VALCARCE XABIER | XX.XX1.829-E |
| PAZOS CASTIÑEIRA MANUEL | XX.XX6.137-Q |





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

| | |
|------------------------------|--------------|
| RAMOS ASCARIZ JESÚS | XX.XX5.768-C |
| REY ORTIZ ESTIBALIZ | XX.XX1.615-X |
| RODRÍGUEZ GARCÍA JOSE CARLOS | XX.XX6.205-S |
| SANTOS LORENZO VANESA | XX.XX0.768-R |
| SANTOS SANTOS JOSE ALBERTO | XX.XX2.332-G |
| SUÁREZ LÓPEZ JORGE | XXXX4.202-K |
| VARELA REGUEIRO JONATHAN | XX.XX0.545-Q |
| VAZQUEZ MORENO JOSE MANUEL | XX.XX8.683-E |
| VILELA JANEIRO OVIDIO LUIS | XX.XX9.220-T |

EXCLUÍDOS:

| APELIDOS E NOME | N.I.F. | MOTIVO |
|------------------------------|--------------|---|
| ALONSO ALVAREZ DIEGO ALBERTO | XX.XX9.424-D | Art. 4.5 das Bases da Convocatoria. Documentación sen cotexar co seu orixinal |
| DÍAZ MARTÍNEZ DAVID | XX.XX2.731-A | Art. 4.5 das Bases da Convocatoria. Documentación sen cotexar co seu orixinal |
| PRIETO ROJO MARIA DEL CARMEN | XX.XX1.804-H | Art. 3.g das Bases da Convocatoria. |

SEGUNDO: En función do artigo 5 das Bases da Convocatoria, a presente Resolución publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Friol e no portal de transparencia (friol.sedelectronica.gal) sinalándose un prazo de tres días naturais contados a partires do seguinte ao da publicación da mesma, para que os/as aspirantes excluídos/as poidan emendar, de ser o caso, o defecto da súa exclusión. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo no Rexistro do Concello de Friol, decaerá no seu dereito, sendo excluído/a definitivamente da lista de aspirantes.

TERCEIRO: Seguidamente aprobarase a lista definitiva de Admitidos/as e Excluídos/as ao proceso selectivo e ordenar a súa publicación no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia (friol.sedelectronica.gal), e na mesma sinalarase o lugar e hora de realización da oposición e da entrevista persoal e a composición do Tribunal Cualificador(...)

VISTO que o Goberno de España o pasado día 14 de Marzo do actual declarouse o Estado de Alarma en todo o territorio Español para a xestión da situación da crisis sanitaria ocasionada polo virus COVID-19. No Diario Oficial de Galicia número 50 Bis, publicouse a Resolución da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de 18 de Marzo do actual, en relación co acordo do Consello da Xunta de 13 de Marzo do actual, polo que se declara a Emerxencia Sanitaria no Territorial da Comunidade Autónoma e se activa o plan territorial de emerxencias.

A vista do anteriormente exposto e das recomendación da FEGAMP e por Resolución de Alcaldía de 16 de Marzo confirmase a suspensión de actividades, certames, Punto de Atención á Infancia e ademais de dispoñer que as oficinas municipais permanecerán pechadas ao público, suspensión das sesión periódicas e ordinarias dos órganos colexiados municipais, así como os procesos selectivos en curso, en concreto aos referidos ao Programa Fomento do Emprego. Deuse traslado á Deputación Provincial aos efectos oportunos.

No día onte recibíuse escrito da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo comunicando que os prazos establecidos no Plan Único 2019 pódense ver afectados polo Real Decreto 11/2020 de 31 de





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

Marzo, polo que se adoptan medidas urxentes e complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19. No art. 54 establécese que en relación dos procedementos das subvencións poderán ser modificados para ampliar os prazos de execución da actividade subvencionada e no seu caso na xustificación e comprobación da súa execución, aínda que non estivera contemplado nas correspondentes bases reguladoras. Conclúe que a adopción destas modificacións non está suxeita nos requisitos previstos no apartado cuarto da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020 e non afecta á suspensión dos prazos establecidos no apartado un da devandita disposición adicional.

Engaden que tendo en conta o establecido no artigo 54, os prazos son os establecidos nas bases reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos, é dicir, o 30 de Setembro do actual para a execución e o 15 de Outubro do actual para a súa xustificación. O incumprimento de ditos prazos podería determinar consecuencias orzamentarias que poderían determinar a perda das cantidades inicialmente consignadas para as actuacións incluídas no plan. Conclúe dicindo que non obstante, polo Concello poderase solicitar, con base as circunstancias extraordinarias que concorren, unha modificación dos contratos a formalizar en base co programa ou ben a modificación dos mesmos, de forma que poidan cumprirse os prazos anteriormente sinalados.

Segundo o establecido nas Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos, publicados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 52 de 2 de Marzo de 2019, en relación co programa co Fomento do Emprego, nas obrigas do Concello, figura que o mesmo deberá comunicar calquera modificación que afecte inicialmente iniciada. Ademais deberá comunicar todas as convocatorias e actos administrativos que publique nos medios e formas que corresponda para adherir a publicidade na páxina web da Deputación Provincial de Lugo.

Estando previsto á vista evolución da pandemia a reanudación dos prazos administrativos a un de xuño do actual, procede continuar coas tramitacións oportunos en orde á execución das actuacións do Fomento de Emprego seleccionando o persoal, en orde á xustificación no prazo establecido. Non obstante para elo faise preciso a modificación do número de traballadores/as a contratar e o prazo de duración dos contratos en función das Bases para a provisión temporal de persoal para o servizo denominado "**Mantemento de zonas naturais e espazos públicos**", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 051 de 03 de Marzo do actual, así como no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia (friol.sedelectronica.gal). A modificación consiste na provisión temporal en réxime laboral de catorce traballadores/as, xornada do 75% (6 Horas) e por un período de tres meses de duración para o servizo denominado "**Mantemento de Zonas Naturais e Espazos Públicos**".

Á vista do anteriormente exposto e no uso das facultades que me son conferidas pola vixente lexislación local,

DECRETO:

PRIMEIRO: A aprobación das modificacións que afectan á solicitude inicialmente presentada, consistentes na alteración de número de contratos e duración dos mesmos en orde que poidan cumprirse os prazos de execución e xustificación fixados nas bases do Plan Único de cooperación cos Concellos, de conformidade co escrito remitido pola Presidencia da Deputación Provincial de Lugo. **As variacións consisten na provisión temporal en réxime laboral de catorce traballadores/as, xornada do 75% (6 Horas) e por un período de tres meses de duración para**





CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

o servizo denominado “Mantemento de Zonas Naturais e Espacios Públicos”. Ditas variacións non alteran a cantidade económica inicialmente presentada na solicitude ante a Deputación Provincial de Lugo.

SEGUNDO: Reanudar o prazo concedido pola resolución da Alcaldía de 11 de Marzo do actual, polo tempo restante, un día natural, contado a partir da publicación desta Resolución da Alcaldía no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia (friol.sedelectronica.gal) para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto da súa exclusión, no caso de non realizalo con anterioridade. De non emendar a solicitude no Rexistro do Concello de Friol, decaerá do seu dereito e sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

TERCEIRO concederá un novo prazo de tres días naturais contados a partir da publicación desta Resolución da Alcaldía no taboleiro de anuncios e no portal de transparencia (friol.sedelectronica.gal), comunicando a modificación de número de contratos e a duración dos mesmos, por si algún dos solicitantes á vista dos mesmos desexan desistir da súa solicitude, que deberán presentarse no Rexistro do Concello de Friol.

CUARTO Dar traslado da presente Resolución á Deputación Provincial aos efectos previstos nas Bases reguladoras do Plan Único.

E para que así conste, asino a presente na data sinalada ao marxe.

